

Iniciar estudos polo procedemento de prazas sobrantas

Cando ao remate do proceso de admisión indicado no apartado 2.1 da convocatoria de matrícula a CiUG comunique a relación de prazas non cubertas e sen lista de agarda na UVigo, publicarase na <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/admin/convocatoria/edit/296> o número de prazas dispoñibles por titulación, o modelo de solicitude de admisión e a información relativa á publicación de listaxes de persoas admitidas, excluídas e de agarda así como o procedemento de formalización da matrícula.

O **prazo de presentación de solicitudes de prazas sobrantas** será do 18 ao 20 de setembro.

As listaxes provisionais de persoas admitidas, excluídas e en agarda publicaranse o día 23 de setembro na <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/>, momento no que se abrirá un prazo de reclamación de tres días hábiles contados dende o seguinte á publicación. Estas alegacións remitiranse ao correo electrónico (soporte.grao@uvigo.es) do Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Á publicación das listaxes definitivas será o día 27 de setembro .

Documentación

- DNI, NIE ou pasaporte
- Credencial, certificación académica ou título que habilite para o acceso.
- Quen solicite unha praza pola cota reservada para estudantes con discapacidade presentará o certificado de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade expedido polo órgano competente de cada Comunidade Autónoma.
- Solicitude de simultaneidade de estudos, de ser o caso.

Non presentar a documentación sinalada será motivo de exclusión no proceso de selección.

Lugar de presentación

Debido á necesidade de resolver con urxencia o proceso de asignación das prazas co fin de non demorar máis a incorporación do alumnado aos estudos de grao as solicitudes presentaranse debidamente ASINADAS en horario de 9 a 14 horas, unicamente nas dependencias relacionadas a continuación:

- rexistro xeral do campus de Vigo (Edificio Exeria - Campus de Vigo)
- rexistro auxiliar sede cidade (rúa de Torrecedeira 86 - Vigo)
- rexistro auxiliar do campus de Ourense (Edificio Administrativo - As Lagoas)
- rexistro auxiliar do campus de Pontevedra (E.E. Forestal – A Xunqueira)

É importante ter en conta que a asignación de prazas farase por orde de chegada en función da data e hora que figure no rexistro de entrada. Se por razóns técnicas non consta a hora serán consideradas a continuación das dese mesmo día nas que figure a hora. Cando nalgunha titulación haxa máis solicitudes presentadas que prazas ofertadas terá prioridade na admisión quen non teña matrícula formalizada noutra titulación oficial.

Formalización da matrícula Presencial nas unidades administrativas dos centros de estudo

Prazos de formalización da matrícula

Para persoas admitidas a matricularse polo procedemento de prazos sobrantes: (poderase solicitar recoñecemento de créditos no propio centro neste mesmo momento)

- Os días 30 de setembro e 1 e 2 de outubro

No caso de que as e os convocados na listaxe definitiva non formalicen a matrícula os centros poderán matricular as persoas das listas de agarda deste procedemento os días 4 e 7 de outubro.